



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE MARZO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
D^a: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
D^a. MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede da acta da sesión anterior (20/02/2019)

Dáse conta da acta do pleno celebrado o 20/01/2019 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2.- Dáse conta da liquidación do orzamento 2018.

Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018 cos estados que forman parte do expediente de liquidación, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade:

- Resultado orzamentario axustado negativo de -53.810,15, atopándose polo tanto o Concello nunha situación de déficit.
- Remanente de tesouraría para gastos xerais negativo de -156.393,54 €.
- Incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.
- Incumprimento do obxectivo da Regra do Gasto, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio.



- Cumprimento do límite de débeda segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas e un aforro neto positivo.

Segundo.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de acordo co establecido nos artigos 193.4 del Texto Refundido de la Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo de conformidade co establecido na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Pleno dáse por informado.

3.- Aprobación, se procede, da modificación do convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU).

Dáse conta da comunicación remitida pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), sobre da ampliación de competencias delegadas na mesma, poñendo a disposición dos Concellos adheridos a posibilidade de modificar os convenios de adhesión.

Á vista da mesma, propónse modificar o convenio de adhesión nos seguintes termos:
Primeiro.- Modifícase o parágrafo terceiro da estipulación segunda “Delegación de competencias”, quedando redactada nos seguintes termos:

3. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia, en exercicio de competencias delegadas, corresponderalle igualmente á Axencia, despois do informe previo do Concello, que deberá emitirse no prazo máximo de un mes. Transcorrido o cal continuarase coa tramitación do recurso.

Segundo.- Modifícase a estipulación terceira “Régime económico”, segundo o seguinte:

1.-A letra a) do parágrafo primeiro, queda redactada do seguinte xeito:

a) A Axencia transferirá ao concello o 10% do produto das multas coercitivas e sancións, e como máximo trinta mil euros anuais, efectivamente recadadas pola Axencia no termo municipal de Vedra.

2.- Suprímese a letra b) do parágrafo primeiro, ao quedar o suposto da transferencia por sancións integra na letra a).

3.- Modifícase o segundo parágrafo quedando redactado do seguinte xeito:

2.- O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia en exercicio de competencias delegadas polo concello serán ingresadas polos suxeitos obrigados, directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en



período voluntario, a Axencia solicitará da consellería de facenda o seu cobro pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao concello unha cantidade equivalente ao 10% dos ingresos percibidos, e como máximo trinta mil euros anuais, polas multas coercitivas e sancións recadadas no seu termo municipal.

Este modelo de financiamento será de aplicación ás multas coercitivas e sancións impostas a partir da entrada en vigor da presente modificación, sen afectar ás multas e sancións impostas en períodos anteriores, aínda que se recaden unha vez entre en vigor a presente modificación.

Terceira.- No referente á estipulación cuarta “Obrigacións asumidas polo concello”, modifícanse as obrigas contempladas na letra c) e e), nos seguintes termos:

c) Cando o concello adherido remita denuncias por obras e usos do solo sen licenza ou sen axustarse ás súas condicións, deberá achegar un informe técnico con contido suficiente para a incoación dos expedientes administrativos que procedan. En todo caso, e como mínimo, deberán identificarse as persoas responsables da actuación inspeccionada, as obras obxecto do expediente, así coma os incumprimentos da normativa urbanística.

e) Emitir informe previo á resolución dos recursos interpostos contra actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas, no prazo máximo de un mes. Transcorrido o cal, continuarase coa tramitación do recursos.

Cuarto.- Engádesse a cláusula oitava no relativo á protección de datos, co seguinte termo literal:

OITAVA. Protección de Datos de Carácter Persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm.: 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DIGO núm.: 149 do 3 de agosto).

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que o seu grupo se vai abster.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, anuncia tamén a súa abstención xa que non recibiu a modificación por correo electrónico.



A Presidencia di que nos últimos días houbo bastantes problemas co mail do concello e estiveron traballando nestes días os informáticos nese tema.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA reitera que non dispón desa modificación que se vai votar e di que non lle poden pedir que vote algo que non ten.

Posta a votación a citada proposta apróbase con sete votos a favor do PP e seis abstencións do PSdeG-PSOE, BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

4.- Acordo, se procede, sobre modificación das bases para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal.

Toma a palabra o Sr. Vázquez Martínez, do PP, que di que se trataba de facer unha modificación no punto dous dos requisitos para que puideran acceder o máximo número de asociacións, e fíxose pensando na ANPA do CRA Boqueixón-Vedra, que quedaba fóra porque tiña a sede social en Boqueixón e desenvolve as súas actividades en Vedra e Boqueixón.

Tamén houbo pequenas modificacións no punto sétimo, no que se refire aos criterios de valoración, cambiando a puntuación e introducindo un novo punto referido a accións que fomenten a igualdade de oportunidades e que inclúan a perspectiva de xénero. Tamén se modificaron algúns anexos para simplificar e non duplicar información.

Así mesmo, tamén se fixeron pequenas modificacións no apartado de xustificación que determinou e aconsellou a técnica de tesourería; ademais de corrixir pequenos erros que se foron detectando por parte das asociacións e persoal municipal e realizáronse modificacións para favorecer a participación, simplificar trámites e mellorar o proceso de xustificación.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE anuncia o voto a favor do seu grupo.

Posta a votación a proposta, apróbase por unanimidade.

5.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

A Presidencia contesta ás preguntas formuladas en plenos anteriores:

--Ao Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre cal é o motivo polo que non se xerou ningún PXOM novo, tal e como viña no programa electoral do PP, nin na primeira lexislatura antes da nova Lei do solo, nin na segunda, despois da aprobación de dita lei, di que queda pendente para o pleno de abril. O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que necesita a súa contestación para poder darlle respostas aos veciños.

--A dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, sobre o preito co BBVA respecto deses 80.000 € do polígono, pregunta cal é a situación nestes momentos e en que fase está por parte da Deputación, responde que está notificado en vía executiva por parte da Deputación e que ten ata o día 5 de abril para facer o ingreso. Se nese período non o fai, a Deputación executará o embargo.



-- Ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre os terreos do plan especial de solo dotacional en Xián, di que esa cuestión ten varios aspectos: un relacionado co plan especial de infraestruturas e dotacións relacionadas co sistema residencial 3; e outra á súa vez relacionados coa Consellería de medio ambiente e por iso están pendentes da súa contestación.

--Ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre a devolución da parcela por parte dun particular ao concello, responde que lle gustaría poder dicirlle que xa está asinada, e agora non é por falta de vontade das dúas partes. Di que é un documento bastante complexo en notaría e nesta semana reclamaron máis documentación técnica que xa teñen practicamente toda e para a seguinte semana estará completa en principio. Quedaron para o día 8 de abril para proceder á sinatura do documento.

--Ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre a devolución do aval á empresa que executou a reforma do campo de fútbol de Vedra, di que se devolveu o aval porque ten os informes favorables da dirección de obra. A dirección técnica da obra indica que o soporte foi ben executado no seu conxunto e que a capa asfáltica é de primeira calidade, moi por encima das especificacións do proxecto e con capacidade para drenar superior aos requisitos técnicos esixidos para ese tipo de usos deportivos. Apareceron un par de puntos que reteñen temporalmente máis auga en casos de extrema pluviosidade, debido a pequenos asentamentos do terreo. A súa substitución sería dun sector máis grande de pista e o acabado xa non sería continuo, mostrándose como un parche.

Actualmente non pon en risco aos usuarios nin impide o seu uso.

Respecto ás preguntas formuladas no pleno anterior, a Presidencia contesta:

--A dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, contesta:

1º.- Sobre que non hai nada publicado na páxina web do concello sobre as subvencións da Deputación de A Coruña, di que non é certo xa que se publicaron no apartado actualidade municipal.

2º.- Respecto á pista entre a estrada da Deputación DP-2803 e o concello de Teo, a que está antes da ponte sobre a autopista, que pertence ao termo municipal de Santiago, di que está equivocado o alcalde de Santiago, xa que se presentou un escrito por rexistro o día 19/01/2017 dirixido á concellería de obras dese concello con fotos, planos, etcétera. Non contestaron e reiteróuselle agora outra vez por escrito.

3º.- Sobre o préstamo, pregunta se eses cartos están dispoñibles nunha conta ou se están facendo uso deles, di que están nunha conta bancaria e só se pode facer uso única e exclusivamente para esa fase do saneamento da parroquia de Vedra, e non para ningunha outra cuestión.

4º.- Respecto ao II Plan de Igualdade do concello de Vedra, di que queda para o pleno do mes de abril.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre as actuacións da Deputación de A Coruña e a viaxe do Sr. Feijoo a Madrid, di que son comentarios que non comparte.

2º.- Respecto ás obras que se están a executar en Tomonde, di que son obras de augas pluviais.



3º.- Sobre se se vai haber Entroido Municipal este ano ou algún tipo de actividade, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que afirma que o concello organizou un baile de Entroido no Centro social de Vedra o día 2 de marzo e un concurso familiar de disfraces na Casa das artes o día 4 de marzo,

4º.- Respecto ás caixas de correo na entrada dos locais dos partidos políticos para que a xente poida deixar alí as súas suxestións, di que espera que a principios de abril estea solucionado. Queren colocalas nun soporte independente e non no propio edificio.

5º.- Sobre a convocatoria do PEL Concellos da Deputación, di que é un comentario.

6º.- Respecto ás alternativas para acceder á documentación das comisións de xeito telemático, di que é un rogo.

7º.- Sobre a enfermeira pediátrica para os concellos de Vedra e Boqueixón, di que xa está exercendo no centro de saúde os días que está a pediatra.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que se refería ás enfermeiras en si, non á de pediatría.

A Presidencia di que esa pregunta xa a contestou no pleno anterior a unha pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA.

8º.- Respecto ao transporte metropolitano, sempre dixo que é un gran déficit de Vedra e que agora se abre esa oportunidade histórica para corrixilo. Ata agora legalmente era inviable, e por iso se presentou por parte do concello unha proposta cara o novo transporte metropolitano.

No que afecta a Vedra sairá a finais do 2019, principios do 2020. É unha proposta ambiciosa e realista, que se a estiman na súa totalidade, resolvería ese problema histórico. Esa proposta foi feita en gran parte en común e de acordo con Teo, e defenderana e farán todo o posible para que saia adiante.

9º.- Sobre a campaña WI-FI FOR EU, na que se daba acceso gratis de wifi para espazos públicos, di que esa subvención se solicitou nunha primeira convocatoria en maio do 2018, pero foi anulada pola axencia europea encargada por un fallo técnico na plataforma de solicitude. Volveuse convocar en novembro e volveuse solicitar, tendo entrada da solicitude na mesma hora na que se abría o prazo, xa que era de concorrencia.

Dos 13.000 municipios que se presentaron, só 2.800 obtiveron subvención e moi poucos en Galicia. Vedra non foi seleccionado.

Quedaron fondos para novas convocatorias, ás que o concello se volverá presentar.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a corta dunha carballeira en Pazos por onde pasa o camiño Miñoto-Ribeiro di que esa zona non pertence ao concello de Vedra, pero en calquera caso a Asociación de municipios do Camiño Miñoto-Ribeiro, que ten un equipo técnico elaborando toda a documentación para o recoñecemento do camiño, terá coñecemento desa situación.

2º.- Respecto a discrepancia ou concordancia entre o orzamento do proxecto elaborado polo concello e a proposta orzamentaria da empresa adxudicataria polo P4, di que o proxecto e a obra é exactamente igual tanto na auditoría, na subvención, etcétera, no IDAE e na licitación e adxudicación. Existe unha pequena diferenza económica porque no orzamento da P4, non van incluídos os custes de financiación que si hai que engadir no caso de que se licite a través dunha ESE, por iso no prego de licitación dentro da P4 se inclúen eses custes a maiores; e sobre todo iso é sobre o que licitan as empresas.



Finalmente, a baixa do adjudicatario, absorbeu e incluso baixou algo máis, por iso existe esa pequena diferenza. A P4 no proxecto de auditoría son 798.760 € sen IVE, e na oferta final do adjudicatario son 790.913.34 €.

3º.- Sobre o pagamento dos terreos pola ampliación da estrada da Deputación en Sarandón, de todo o que comenta, salvo erro por parte da Presidencia, non ten constancia.

4º.- Respecto a se para a seguinte lexislatura vai ter a cara de dicirle á veciñanza que vai modificar novamente o Plan Xeral, di que lle contestará no pleno de abril.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre se no contrato con Ferrovial existe unha cláusula que indica que a partir dun número determinado de farois afundidos quen ten que pagar é o concello, responde que non é certo. Non existe ningunha cláusula desas. O que si existe é a prestación P3 que é de garantía total, que como indica o seu propio nome, a responsabilidade é da adjudicataria en virtude desa garantía total.

6.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- O teléfono de comunicación de avarías da iluminación pública é un móbil e para os avisos as 24 horas existe un 902, que é un teléfono de tarifa adicional, sendo un servizo público. Entende que debe ser un teléfono gratuíto. Pregunta se estaba no contrato e se está previsto cambialo ou se pensa facer algo ao respecto.

2º.- Pregunta se este ano vai haber obradoiro de emprego.

--O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta:

Quere agradecer as mostras de cariño recibidas nestes días pasados.

1º.- En nome dun grupo de veciños, solicita o arranxo dunha varanda nunha ponte no río Pereiro en Fufín. Leva dende febreiro de 2017 rota cando lle caeu unha árbore enriba logo dunha cicloxénese. É unha zona por onde pasa unha ruta de sendeirismo e hai unha altura considerable.

2º.- En certas aldeas hai números repetidos e iso xera confusión entre os novos carteiros. Solicita que se revise e se é certo que se arranxe.

3º.- pregunta que opina o grupo de goberno de que Sogama cobre 22 millóns a maiores, malia que só selecciona o 12% do lixo. Cónstalle que hai 229 concellos que trata o lixo en Sogama e que van aplicar un desconto do 10 % no próximo recibo. Pregunta se Vedra vai aplicar ese desconto e se ten algunha outra medida a tomar con Sogama.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Respecto aos terreos para a ampliación da estrada da Deputación en Sarandón, a cuestión é se a Presidencia ten coñecemento de que se pagaron, nalgúns casos, con cartos públicos, terreos situados na parte exterior de peches xa executados con posterioridade ao PXOM, e que polo tanto deberían estar feitos conforme á aliñación e con ese terreo xa cedido.

2º.- Sobre a tala da carballeira en Xián, cre que coinciden en que foi unha actuación que é claramente prexudicial cara o interese público porque se cortou unha carballeira centenaria que non se pode recuperar e que tiña un interese xeral. Por outro lado é unha actuación contraria ao plan especial que incumpre a normativa municipal.



Pregunta cal é o interese da Presidencia contrario ao interese xeral e contrario ao cumprimento da normativa municipal, para que non incoe un expediente de reposición da legalidade sendo coñecedor da situación e sabendo as obrigas que ten.

3º.- Respecto do proxecto de renovación da iluminación pública, resúltalle curioso que ese proxecto que lle encargaron a unha empresa, o orzamento do proxecto respecto do importe da adxudicación haxa unha diferenza do 1% e que a empresa redactora do proxecto soubese que modelo de luminarias ían ser escollido.

4º.- Pregunta se na vindeira campaña electoral, igual que nas anteriores, vai prometer un tanatorio municipal aos veciños ou vai aparcar esa promesa.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Estivo falando estes días co Sr. Alcalde, coa concelleira de obras e co Sr. Secretario da corporación e revisou a Lei 8/1989 do 13 de abril de taxas e prezos públicos.

No artigo 6 de dita Lei, di textualmente: *“Tasas son los tributos cuyo hecho imponible consiste en la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público, la prestación de servicios o la realización de actividades en régimen de derecho público que se refieran, afecten o beneficien de modo particular al obligado tributario, cuando los servicios o actividades no sean de solicitud o recepción voluntaria para los obligados tributarios o no se presten o realicen por el sector privado.”*

É dicir, que se aplican cando os servizos sexan obrigatorios; mentres que os prezos públicos di: *“Tendrán la consideración de precios públicos las contraprestaciones pecuniarias que se satisfagan por la prestación de servicios o la realización de actividades efectuadas en régimen de Derecho público cuando, prestándose también tales servicios o actividades por el sector privado, sean de solicitud voluntaria por parte de los administrados.”*

En resumo, a diferenza entre taxa e prezo público, é que a taxa págase polo aproveitamento especial do dominio público a prestación de servizos que son de solicitude obrigatoria por parte do contribuínte.

Tanto a taxa como o prezo público son ingresos públicos de dereito público.

Recórdalle que as taxas municipais de saneamento e sumidoiros publicada no BOP 160/2004 recolle no artigo 5 que os prezos serán os recollidos no cadro de prezos, e que os servizos teñen carácter obrigatorio para todas as fincas que teñan fachada a rúas e que estean a menos de 100 metros.

Polo tanto, hai unha regulamentación municipal que di que os veciños están obrigados a conectarse; hai unha definición de taxa que di que é para os servizos públicos cando existe a obrigatoriedade de realízalos; hai un cadro de prezos publicado e aprobado o 22 de outubro de 2009 que di: *“A Xunta de Goberno con informe favorable da comisión informativa de asuntos xerais en sesión ordinaria celebrada o 20 de outubro acordou aprobar o seguinte cadro de prezos establecido na ordenanza fiscal número 12 reguladora da taxa de sumidoiros por acometidas á rede municipal. Existe un cadro de prezos que define isto como taxas, que é o lóxico e razoable.*

Pregunta porque cobran un prezo diferente ao recollido no cadro de prezos das acometidas á rede de sumidoiros que depende dunha cota tributaria publicada no BOP dentro do apartado das taxas.

Solicita un informe do Sr. Secretario e un informe do servizo de asesoramento legal da Deputación da Coruña ao respecto. Solicita que no informe do Sr. Secretario se inclúa se o acontecido nos últimos oito anos en relación á metodoloxía de cobro das taxas de conexión ao saneamento é susceptible de delito.

Tamén pregunta cal é o motivo polo que o proxecto da segunda fase da rede de saneamento en Santa Cruz e San Mamede fose ampliado contra o proxecto orixinal.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2º.- Respecto ao transporte metropolitano, di que a proposta non foi nunca presentada por Vedra, nin foi elaborada entre Teo e Vedra. Foi realizada por Teo en exclusiva e Vedra colgouse dela previa solicitude do concello de Teo, e conserva a acta da comisión onde se falaba disto. O grupo de goberno de Vedra non fixo absolutamente nada.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos.